

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

6 de xuño de 2024

Duración:

Desde as 21:05 ata as 22:53

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernandez Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ



	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA (Abandona a sesión ás 22:45 h)	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
	M. ^a CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora	NON
	M. ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	RICARDO CASTRO CAMBA	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

COMPROBACIÓN CREDENCIAL DE CONCELLEIRO DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR E XURAMENTO OU PROMESA DE TOMA DE POSESIÓN DO CARGO.

Intervén a **señora secretaria** para dicir que, trala renuncia e cese de D. Juan Manuel Constenla Carbón o 25 de abril de 2024, do que se deu conta ao Pleno na sesión ordinaria celebrada o 2 de maio de 2024, procede, en aplicación do artigo 182 da Lei Orgánica de Réxime Electoral 5/1985, de 19 de xuño, cubrir o posto vacante pola candidata a quen lle corresponde por orde de colocación na lista do Partido Popular presentada para as eleccións locais de 2023, recaendo este nomeamento en Dna. Beatriz Paz Alonso (posto nº 15 da nomeada lista).

Visto que, con data 26 de abril de 2024, a Sra. Paz Alonso presenta escrito de renuncia a ocupar dito posto vacante, o cal é asinado ante a secretaria accidental.

Visto que ante a anterior renuncia, procede ocupar a vacante producida polo seguinte na lista do Partido Popular, é dicir, o posto 16 D. José Conde Trasande.

Visto que, con data 12 de maio de 2024, recibíuse da Xunta Electoral Central a credencial do Sr. Conde Trasande.

Visto que, de acordo co establecido no artigo 75.7 da Lei de Bases de Réxime local, o concelleiro D. José Conde Trasande presentou a declaración sobre causa de posible incompatibilidade e actividades que lle proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, e tamén a declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades.

Igualmente, o nomeado concelleiro está debidamente informada sobre o réxime de incompatibilidades que, para a condición de concelleiro, está establecido no artigo 178 en relación cos artigos 6, 7 e 177 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e artigo 10 do





Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sen que poña de manifesto causa de incompatibilidade co cargo de concelleiro.

A señora secretaria di que, de conformidade co disposto na normativa vixente, convídase ao concelleiro D. José Conde Trasande a que expoña neste acto se lle afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, non producíndose manifestación algunha.

Continúa a **señora Secretaria** indicando que, conforme ao disposto no artigo 108.8 da Lei 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, o señor Conde Trasande debe de proceder a prestar xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979.

O **Sr. Presidente** prega ao Sr. Conde Trasande que se achege para realizar o seu xuramento.

Unha vez prestado o xuramento polo señor Conde Trasande, o **señor presidente** lle insta a ocupar o seu lugar no Salón de Plenos.

COMPROBACIÓN CREDENCIAL DE CONCELEIRO DO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E XURAMENTO OU PROMESA DE TOMA DE POSESIÓN DO CARGO.

Intervén a **señora secretaria** para dicir que, trala renuncia e cese de Dna. Vanesa Iglesias Casal o 5 de maio de 2024, do que se deu conta ao Pleno na sesión extraordinaria celebrada o 11 de maio de 2024, procede, en aplicación do artigo 182 da Lei Orgánica de Réxime Electoral 5/1985, de 19 de xuño, cubrir o posto vacante polo candidato a quen lle corresponde por orde de colocación na lista do BNG presentada para as eleccións locais de 2023, recaendo este nomeamento en D. Ricardo Castro Camba (posto nº 3 da nomeada lista).

Visto que, con data 24 de maio de 2024, recibíuse da Xunta Electoral Central a credencial do Sr. Castro Camba.

Visto que, de acordo co establecido no artigo 75.7 da Lei de Bases de Réxime local, o concelleiro D. Ricardo Castro Camba presentou a declaración sobre causa de posible incompatibilidade e actividades que lle proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, e tamén a declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades.

Igualmente, o nomeado concelleiro está debidamente informado sobre o réxime de incompatibilidades que, para a condición de concelleiro, está establecido no artigo 178 en relación cos artigos 6, 7 e 177 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e artigo 10 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sen que poña de manifesto causa de incompatibilidade co cargo de concelleiro.





A **señora secretaria** di que, de conformidade co disposto na normativa vixente, convídase ao concelleiro D. Ricardo Castro Camba a que expoña neste acto se lle afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, non producíndose manifestación algunha.

Continúa a **señora Secretaria** indicando que, conforme ao disposto no artigo 108.8 da Lei 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, o señor Castro Camba debe de proceder a prestar xuramento ou promesa na forma establecida polo Real Decreto 707/1979.

O **Sr. Presidente** prega ao Sr. Castro Camba que se achege para realizar o seu xuramento ou promesa; o cal procede a prestar a seguinte proposta: *“Por imperativo legal prometo acatar a Constitución”*

Unha vez prestado xuramento polo Sr. Castro Camba, o **señor presidente** lle insta a ocupar o seu lugar no Salón de Plenos.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE MAIO DE 2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de maio de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 11 DE MAIO DE 2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 11 de maio de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 3385/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DEIXAR SEN EFECTO OS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN PLENARIA DE 23 DE XUÑO DE 2023 RELATIVOS ÁS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DE TENENTES DE ALCALDE E CONCELEIRO.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:





Visto que, na sesión plenaria celebrada o 23 de xuño de 2023, foron recoñecidas as dedicacións exclusiva do cargo de primeiro tenente e parciais dos segundo e terceiro tenentes de alcalde; así como tamén a dedicación exclusiva do cargo de concelleiro delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Urbanismo, Eventos, Mercados, Rural e Obras; todo elo despois da constitución da corporación local en sesión plenaria de 17/06/2023 como consecuencia das eleccións locais do 28/05/2023.

Visto que, na sesión celebrada polo Pleno o 20/04/2024, toma posesión como alcalde D. Gonzalo Louzao Dono, despois da renuncia ao cargo e cese de D. José C. López Campos.

Visto que o señor alcalde actual procede ao nomeamento de novos tenentes de alcalde, segundo Decreto da Alcaldía número 2024-0809, de 20 de maio; así como a un novo reparto de áreas e ás súas delegacións de facultades de dirección e xestión, segundo Decreto da Alcaldía n.º 2024-0806, de 20 de maio.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1100, emitida con data 28/05/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión celebrada o 31/05/2024.

Unha vez deliberado sobre o asunto, sométese a votación, sende adoptado por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Deixar sen efecto os acordos adoptados na sesión plenaria de 23 de xuño de 2023, relativos a:

- Recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva do cargo de primeiro tenente de alcalde.
- Recoñecemento e aprobación da dedicación parcial do cargo de segundo tenente de alcalde.
- Recoñecemento e aprobación da dedicación parcial do cargo de terceira tenente de alcalde.
- Recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva do cargo de concelleiro delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Urbanismo, Eventos, Mercados, Rural e Obras.

Expediente 3220/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO E APROBACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL PARA O CARGO DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

A favor: 12, En contra: 7, Abstencións: 1, Ausentes: 0
--

Feitos e fundamentos de dereito:

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais do día 28 de maio de 2023, convocadas por Real Decreto 207/2023, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Visto que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno o 20 de abril de 2024 foi elixido D. Gonzalo Louzao Dono como alcalde deste Concello, trala renuncia e cese do anterior Alcalde, D. José C. López Campos.

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Considerando que o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20/05/2024, aos efectos de fiscalización polo órgano interventor.

Vista a fiscalización da Intervención municipal de data 28/05/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1101, emitida con data 28/05/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión celebrada o 31/05/2024.

Unha vez deliberado sobre o asunto, sométese a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do PP, en contra dos grupos do PsdeG-PSOE e BNG, e a abstención do grupo Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde e delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Facenda, Organización e Funcionamento, así como de Persoal.





Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 25.550,00 euros brutos anuais, tendo en conta que sería a cantidade mínima a percibir en Concellos de menos de 1.000 habitantes segundo a Disposición Adicional Vixésimo Sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, polo que non resulta razoable que un Concello de máis de 20.000 habitantes se atope por debaixo da indicada cantidade.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento as cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Expediente 3221/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO E APROBACIÓN DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA PARA O CARGO DE SEGUNDA TENENTE DE ALCALDE	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais do día 28 de maio de 2023, convocadas por Real Decreto 207/2023, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Visto que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno o 20 de abril de 2024 foi elixido D. Gonzalo Louzao Dono como alcalde deste Concello, trala renuncia e cese do anterior Alcalde, D. José C. López Campos.

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o





artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Considerando que o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20/05/2024, aos efectos de fiscalización polo órgano interventor.

Vista a fiscalización da Intervención municipal de data 28/05/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1102, emitida con data 28/05/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión celebrada o 31/05/2024.

Unha vez deliberado sobre o asunto, sométese a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do PP e en contra dos grupos do PsdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de Segunda Tenente de Alcalde e delegada das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación, así como a de Urbanismo.

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 100% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 40.000,00 euros brutos anuais, tendo en conta que sería a cantidade mínima a percibir en Concellos de menos de 1.000 habitantes segundo a Disposición Adicional Vixésimo Sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, polo que non resulta razoable que un Concello de máis de 20.000 habitantes se atope por debaixo da indicada cantidade.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o





Concello o pagamento as cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que a concelleira en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Expediente 3222/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO E APROBACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL PARA O CARGO DE CONCELEIRO DELEGADO DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN DAS ÁREAS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, COMERCIO E MERCADO; PARQUES E XARDÍNS; E SERVIZOS MUNICIPAIS.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 7, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais do día 28 de maio de 2023, convocadas por Real Decreto 207/2023, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Visto que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno o 20 de abril de 2024 foi elixido D. Gonzalo Louzao Dono como alcalde deste Concello, trala renuncia e cese do anterior Alcalde, D. José C. López Campos.

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Considerando que o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20/05/2024, aos efectos de fiscalización





polo órgano interventor.

Vista a fiscalización da Intervención municipal de data 28/05/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1103, emitida con data 28/05/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión celebrada o 31/05/2024.

Unha vez deliberado sobre o asunto, sométese a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do PP, en contra dos grupos do PsdeG-PSOE e BNG, e a abstención do grupo Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de concelleiro delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Promoción Económica, Comercio e Mercado; Parques e Xardíns; e, Servizos municipais

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 25.550,00 euros brutos anuais, tendo en conta que sería a cantidade mínima a percibir en Concellos de menos de 1.000 habitantes segundo a Disposición Adicional Vixésimo Sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, polo que non resulta razoable que un Concello de máis de 20.000 habitantes se atope por debaixo da indicada cantidade.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento as cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Expediente 3223/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO E





APROBACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL PARA O CARGO DE CONCELLEIRA DELEGADA DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN DAS ÁREAS DE CULTURA, LINGUA, XUVENTUDE, EMPREGO E APOIO AO RURAL

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 7, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais do día 28 de maio de 2023, convocadas por Real Decreto 207/2023, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Visto que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno o 20 de abril de 2024 foi elixido D. Gonzalo Louzao Dono como alcalde deste Concello, trala renuncia e cese do anterior Alcalde, D. José C. López Campos.

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan.

Considerando que o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20/05/2024, aos efectos de fiscalización polo órgano interventor.

Vista a fiscalización da Intervención municipal de data 28/05/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1104, emitida con data 28/05/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión celebrada o 31/05/2024.

Unha vez deliberado sobre o asunto, sométese a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do PP, en contra dos grupos do PsdeG-PSOE e BNG, e a abstención do grupo Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

Resolución:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de concelleira delegada das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Cultura, Lingua, Xuventude, Emprego e Apoio ao Rural.

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 25.550,00 euros brutos anuais, tendo en conta que sería a cantidade mínima a percibir en Concellos de menos de 1.000 habitantes segundo a Disposición Adicional Vixésimo Sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, polo que non resulta razoable que un Concello de máis de 20.000 habitantes se atope por debaixo da indicada cantidade.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento as cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que a concelleira en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O **Sr. Alcalde** pregunta se hai algunha moción para presentar fóra da orde do día por urxencia, antes de pasar á parte de Actividade de Control.

Continúa advirtindo de que polo grupo municipal do BNG presentouse con data de hoxe (registro de entrada 2024-E-RPLN-4) unha moción de urxencia para ser tratada nesta sesión plenaria pola que propón que se inste á Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude a incoar de maneira inmediata o procedemento para a declaración da Rapa das Bestas de Sabucedo como Ben de Interese Cultura e Inmaterial.

Visto que na dita moción se xustifica a urxencia do seguinte xeito (sic):

“Nas últimas semanas fomos informados da existencia do proxecto de novos proxectos de parques eólico que está proxectado nos montes da Rapa das Bestas. Vendo que estes parques son de tramitación estatal, e que poden afectar de maneira grave á unha festa





de tan alto interese cultural. Vendo que a tramitación de BICI está, teóricamente, xa en curso. E vendo que unha rápida tramitación do BICI é fundamental para parar estes parques, parece motivo suficiente para tramitar esta moción pola vía da urxencia.”

Sometida a urxencia a votación, é rexeitada polos votos en contra do grupo do Partido Popular e a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 3619/2023. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2024-0806 POLO QUE SE DESIGNAN ÁREAS AOS CONCELLEIROS E ÁS CONCELLEIRAS E DELEGACIÓN DE FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DE CADA UNHA DELAS

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2024-0806, de 20 de maio, polo que se designan áreas aos concelleiros e concelleiros e delegación de facultades de dirección e xestión interna de cada unha delas, trala la elección de novo Alcalde, por renuncia do anterior, en sesión plenaria de 20/04/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1012 de 20 de maio de 2024, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

DÁSE CONTA:

Do Decreto da Alcaldía n.º 2024-0806, de 20 de maio, polo que se designan áreas aos concelleiros e concelleiros e delegación de facultades de dirección e xestión interna de cada unha delas, que se transcribe literalmente de seguido:

“FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2023-0849, de 19 de xuño, polo que se designan aos concelleiros e concelleiras as diferentes áreas de goberno, asumindo as delegacións xenéricas, incluíndo ditas delegacións as facultades de dirección e xestión interna, tralo pleno de organización celebrado o 23/06/2024, despois das eleccións locais do 28/05/2023.

Visto que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno foi elixido D. Gonzalo Louzao Dono como alcalde deste Concello, trala renuncia ao cargo e cese como concelleiro da lista do Partido Popular; así mesmo, nesta mesma sesión, toma posesión como nova concelleira polo Partido Popular Dna. Jessica Rodríguez Calviño.





Visto que, na sesión ordinaria celebrada polo Pleno o 2 de maio de 2024, deuse conta da renuncia de D. Juan Manuel Constenla Carbón ao cargo de tenente de alcalde e ao seu ceso como concelleiro polo Partido Popular.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20/05/2024.

RESOLUCIÓN.

Primeiro.- Deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía n.º 2023-0849, de 19 de xuño.

Segundo.- Designar aos concelleiros e concelleiras que se detallan a continuación as áreas expostas, os que asumirán as delegacións xenéricas que de seguido se expoñen, incluíndo ditas delegacións as facultades de dirección e xestión interna, sen comportar facultades resolutorias mediante actos administrativos que afecten a terceiros, reservándose a Alcaldía á área de Rural, Obras e Fondos Europeos:

- D. Alberto Manuel Blanco Carracedo: Áreas de Facenda, Organización e Funcionamento, así como a de Persoal.*
- Dna. Amalia Goldar Cora: Áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación, así como a de Urbanismo.*
- D. Miguel Óscar Rancaño Brañanova: Áreas de Sanidade, Turismo e Relacións Institucionais.*
- Dna. María de los Ángeles Pais Carbia: Áreas de Desenvolvemento Rural e Actividade Agrogandeira.*
- D. José Ismael Pena Villamor: Áreas de Deportes e Participación Cidadá.*
- D. Óscar Alejandro Durán Barros: Áreas de Promoción Económica, Comercio e Mercados, así como Parques e Xardíns e Servizos municipais.*
- Dna. Lucía Seoane Rosende: Áreas de Cultura, Lingua, Xuventude, Emprego e Apoio ao Rural.*
- D. Manuel Magariños Maceiras: Áreas de Novas Tecnoloxías, Conectividade e Reto Demográfico e Vivenda.*
- Dna. María del Carmen Durán Lea: Áreas de Medio Ambiente e Asociacionismo Rural.*
- D. Alfonso Figueiras Rey: Áreas de Apoio a Promoción Económica e Emprendemento.*
- Dna. Jessica Rodríguez Calviño: Área de Apoio a Cultura.*

Terceiro.- Considerarase que existe aceptación pola parte dos/das designados/as en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara, ou comecen a exercer a delegación.

Cuarto.- Facultar e autorizar aos Concelleiros e Concelleira Dna. Amalia Goldar Cora, D. Alberto Manuel Blanco Carracedo e D. Óscar Alejandro Durán Barros, as facultades de autorización ou aprobación, disposición, recoñecemento da obriga, liquidación e





ordenación do pago das súas áreas, cos límites dos créditos dispoñibles en cada caso. Así mesmo, delégase no Concelleiro Delegado de Facenda a sinatura de todos os documentos contables e o pago material de calquera gasto.

Concédesse a delegación da sinatura desta Alcaldía-Presidencia, aos efectos de outorgar o “Visto e Prace” á sinatura da Sra. Secretaria, ou funcionario/a delegado/a por esta, nos seguintes casos:

a) Na persoa dos concelleiros e concelleira Dna. Amalia Goldar Cora, D. Alberto Manuel Blanco Carracedo e D. Óscar Alejandro Durán Barros, para as certificacións de residencia, empadramento e calquera outras de trámite.

b) Na persoa dos concelleiros e concelleira Dna. Amalia Goldar Cora, D. Alberto Manuel Blanco Carracedo e D. Óscar Alejandro Durán Barros, para os asuntos de trámite e ordenación das súas respectivas concellarías.

Quinto.- Os conflitos de competencias que puidesen suscitar no exercicio das respectivas delegacións, serán resoltas pola Alcaldía-Presidencia.

Sexto.- Delegar en todos/as e cada un/ha nos Sres/as Concelleiros/as, de forma indistinta, as facultades desta Alcaldía que veñen previstas no Código Civil e nas demais normas concordantes de aplicación, para autorizar, coas formas e procedementos legais, e na súa presenza, a celebración de matrimonios civís.

Sétimo.- As delegacións xenéricas e específicas asignadas, producirán efectos desde o día da sinatura desta resolución, con independencia da súa notificación aos interesados e interesadas; sen prexuízo da súa correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Oitavo.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados e designadas, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente.”

A corporación en Pleno queda sabedora.

Expediente 3597/2023. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2024-0808, POLO QUE SE NOMEAN AOS CONCELEIROS E CONCELEIRAS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2024-0808, de 20 de maio, polo que se nomean aos concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local, trala a elección de novo Alcalde, por renuncia do anterior, en sesión plenaria de 20/04/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1011 de 20 de maio de 2024, emitida pola





Alcaldía-Presidencia.

DÁSE CONTA:

Do Decreto da Alcaldía n.º 2024-0808, de 20 de maio, polo que se nomean aos concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local, que se transcribe literalmente de seguido:

“FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2023-0848, de 19 de xuño, polo que se designan os concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local, tralas eleccións locais celebradas o 28/05/2023.

Visto que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno foi elixido D. Gonzalo Louzao Dono como alcalde deste Concello, trala renuncia ao cargo e cese como concelleiro da lista do Partido Popular; así mesmo, nesta mesma sesión, toma posesión como nova concelleira polo Partido Popular Dna. Jessica Rodríguez Calviño.

Visto que, na sesión ordinaria celebrada polo Pleno o 2 de maio de 2024, deuse conta da renuncia de D. Juan Manuel Constenla Carbón ao cargo de tenente de alcalde e ao seu ceso como concelleiro polo Partido Popular.

Visto o sinalado no artigo 23 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 65 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado nos artigos 52 e 46 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20/05/2024.

RESOLUCIÓN.

Primeiro.- Deixar sen efecto o Decreto nº 2023-0848, de 19 de xuño.

Segundo.- Nomear ás persoas que a continuación se detallan, concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local :

- Alberto Manuel Blanco Carracedo*
- Amalia Goldar Cora*
- Miguel Óscar Rancaño Brañanova*
- María del Carmen Durán Lea*
- María de los Ángeles Pais Carbia*
- José Ismael Pena Villamor*





- Manuel Magariños Maceiras

Terceiro.- Considerarse que existe aceptación por parte dos designados en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara, ou comecen a exercer como tenentes de alcalde.

Cuarto.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente."

A corporación en Pleno queda sabedora.

Expediente 3585/2023. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2024-0809 POLO QUE SE NOMEAN TENENTES DE ALCALDE

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2024-0809, de 20 de maio, polo que se nomean tenentes de alcalde, trala la elección de novo Alcalde, por renuncia do anterior, en sesión plenaria de 20/04/2024

Vista a proposta de resolución PR/2024/1013 de 20 de maio de 2024, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

DÁSE CONTA:

Do Decreto da Alcaldía n.º 2024-0809, de 20 de maio, polo que se nomean tenentes de alcalde, que se transcribe literalmente de seguido:

"FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2023-852, de 19 de xuño, polo que se nomean tenentes de alcalde, todos eles membros da Xunta de Goberno Local, tralas eleccións locais celebradas o 28/05/2023.

Visto o informe emitido con data 19/06/2023 pola Secretaría municipal.

Visto que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno foi elixido D. Gonzalo Louzao Dono como alcalde deste Concello, trala renuncia ao cargo e cese como concelleiro da lista do Partido Popular; así mesmo, nesta mesma sesión, toma posesión como nova concelleira polo Partido Popular Dna. Jessica Rodríguez Calviño.

Visto que, na sesión ordinaria celebrada polo Pleno o 2 de maio de 2024, deuse conta da renuncia de D. Juan Manuel Constenla Carbón ao cargo de tenente de alcalde e ao seu cese como concelleiro polo Partido Popular.





Visto o sinalado no artigo 182 da Lei Orgánica do Réxime Electoral n.º 5/1985, de 19 de xuño, na redacción dada pola Lei Orgánica 1/2003, de 10 de marzo.

Visto o sinalado na Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado na Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado no RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vista a proposta emitida con data 20/05/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

RESOLUCIÓN.

Primeiro.- Deixar sen efecto o Decreto nº 2023-0852, de 19 de xuño.

Segundo.- Nomear aos que a continuación se detallan, todos eles membros da Xunta de Goberno Local, tenentes de alcalde, e pola orde recollida no presente:

- Alberto Manuel Blanco Carracedo, 1º tenente de alcalde.

- Amalia Goldar Cora, 2ª tenente de alcalde.

- Miguel Óscar Rancaño Brañanova, 3º tenente de alcalde.

- María del Carmen Durán Lea, 4ª tenente de alcalde.

- María de los Ángeles Pais Carbia, 5ª tenente de alcalde.

- José Ismael Pena Villamor, 6º tenente de alcalde.

- Manuel Magariños Maceiras, 7º tenente de alcalde.

Terceiro.- Considerarse que existe aceptación por parte dos designados en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara, ou comecen a exercer como tenentes de alcalde.

Cuarto.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente."

A corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 16 AO 30 DE ABRIL DE 2024 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de abril de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-0557 ao número 2024-0670 (ambos os dous incluídos).





A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 2 AO 31 DE MAIO DE 2024 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 31 de maio de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-0671 ao número 2024-0915 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais, quedando todas as intervencións recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta .

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e tres minutos minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2024/06/11/pleno-concello-de-a-estrada-6-de-junio-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

4FF590F4F147C1A55B26E65A8117E8807FB8EC21A07657B969AA28658FB31199

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

